



Resolución do 20 de novembro de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproban as listas definitivas e as relacións definitivas de persoas excluídas para a cobertura de interinidades e substitucións no curso académico 2017-2018 correspondentes aos corpos de profesores de ensino secundario e de profesores técnicos de formación profesional.

Pola Resolución do 28 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, déuselle publicidade ao texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias (*Diario Oficial de Galicia* n.º 131, do 11 de xullo de 2017). No seu apartado segundo establece a orde de prioridade no nomeamento do profesorado interino e substituto.

Logo de rematada a fase de oposición e de concurso dos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, de acceso ao corpo de profesores de música e artes escénicas, e de ingreso ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, convocados pola Orde do 7 de abril de 2017 (*DOG* do 17 de abril), procede actualizar as listas de interinidades e substitucións correspondentes ás especialidades convocadas, nos termos que establece a base vixésimo cuarta da citada convocatoria.

Por medio dunha resolución do 11 de outubro de 2017 aprobáronse e fixéronse públicas as listaxes provisionais para a cobertura de interinidades e substitucións no curso académico 2017-2018 correspondentes aos corpos de profesores de ensino secundario e de profesores técnicos de formación profesional, e as relacións provisionais de persoas excluídas das citadas listaxes. Logo de analizadas as alegacións formuladas ás citadas listaxes provisionais e á relación provisional de persoas excluídas, e con base no que establece o punto segundo do apartado segundo do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995 e a base vixésima cuarta da citada Orde do 7 de abril de 2017,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar as listas definitivas para a cobertura de interinidades e substitucións no curso académico 2017-2018 correspondentes aos corpos de profesores de ensino secundario e de profesores técnicos de formación profesional, coa incorporación das persoas



participantes nos procedementos selectivos convocados pola Orde do 7 de abril de 2017 con dereito a incorporación ás correspondentes listas.

Segundo.- Aprobar as relacións definitivas de persoas excluídas das listas indicadas no apartado anterior, polas causas que en cada caso se indica.

Terceiro.- Ordenar a publicación das listas definitivas e da relación definitiva de persoas excluídas no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria www.edu.xunta.es. Xunto coa lista ordenada das novas incorporacións publicarase, para os meros efectos informativos, a lista completa por especialidade.

Cuarto.- Coa aprobación e publicación das listas definitivas e da relación definitiva de persoas excluídas enténdense resoltas as reclamacións e alegacións formuladas contra as listas provisionais e contra relación provisional de persoas excluídas.

Quinto.- Contra esta resolución, que lle pon fin a vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria www.edu.xunta.es, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 29/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou directamente un recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses a contar dende a mesma data, ante o xulgado do contencioso administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2017

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

